A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen algún rogo ou algunha pregunta para facer.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, pregunta polas seguintes cuestións:

- Pide que se explique con maior detemento a resolución da Alcaldía da que se dá conta no punto número 2 da orde do día e na que se pretende implementar a plena administración electrónica en todos os servizos e departamentos municipais; dado que esta foi unha das propostas que o Grupo municipal Alternativa dos Veciños levou ao Pleno a través dunha moción, pide que se detalle en que vai consistir e en que estadío de tramitación se atopa esta cuestión.
- En relación co estado de tramitación dos Fondos Edusi, pregunta que obras se van acometer en base ao proxecto que se denominou CulleredoVivo porque, pese a que puideron informarse respecto dese

proxecto a través da páxina web, non lle parece suficiente a información publicada para responder aos veciños sobre o estado de tramitación das obras que se van financiar con cargo a dito Fondo.

- Chegáronlle referencias de varios veciños que se queixan respecto do estado de conservación dos muíños de Celas e da senda verde que ten Culleredo, ao seu parecer con moito valor, polo que pregunta por que están así e se se ten pensado facer algún tipo de arranxo ou mellora nesas zonas.
- Hai unha escombreira no Polígono da Granxa, en Alvedro, e pregunta que nivel de coñecemento ten o goberno municipal sobre ela e se hai algunha actuación prevista nesa zona.
- Pregunta pola valoración do Sr. Alcalde respecto de ir a un pleno ordinario sen orde do día e se considera que esa é a xestión de vida que os veciños agardan da Corporación municipal tendo en conta ademais que os orzamentos están sen aprobar e que non saben en que estado de tramitación se atopan os contratos de servizos.
- No último pleno falouse do PXOM, un dos moitos temas pendentes de tramitar. Fala do PXOM porque considera básico poñerse coa súa tramitación e pregunta de novo se o Sr. Alcalde considera que a Corporación se pode permitir o luxo de ir ao pleno sen orde do día e sen propostas para tratar.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación o Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que si existe a orde do día do Pleno e que efectivamente non hai propostas porque as que se tiña pensado tratar no pleno ordinario do mes de febreiro están pendentes de informe dos servizos técnicos e non deu tempo a preparalos para incluílos na orde do día; son temas relacionados con Persoal e con Intervención e xa se informou desta situación na Xunta de Voceiros, dando a oportunidade de cambiar a data do pleno ordinario para outra data, como ocorre noutras administracións nas que se non dá tempo a ultimar os expedientes para a data de celebración dos plenos ordinarios, cámbiase a data para evitar ter que celebrar dous plenos como sucederá probablemente neste caso dado que a vindeira semana haberá que convocar outro pleno para tratar temas de competencia plenaria.

Respecto do Plan Xeral e demais cuestións referidas pola Sra. Palla Maceiras di que cando se teñan todos os informes preceptivos se convocará un pleno para poder tratar ditos asuntos.

En relación coa escombreira da Granxa di que o servizo de Medio ambiente xa informou sobre ela e non sabe se xa se abriu o expediente correspondente para comunicar en primeiro lugar aos propietarios das parcelas para que fagan a limpeza e, caso de que non o fixeran, tería que facela o Concello de forma subsidiaria como se fai habitualmente.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

O Rego das Xesteiras ten un mantemento que non é moi regular e no prego que se está a traballar, o que é o prego de xardinaría, xa se recollen como traballos ordinarios algúns que se viñan facendo de forma extraordinaria; cre que esa zona entra tamén no prego de desbroces que irá nas próximas semanas a licitación pública.
Respecto dos fondos Edusi darase conta cando a asistencia técnica, que é a encargada de contabilizar todas as obras que se fixeron con cargo a eses recursos, informe ao Concello porque, como xa comentou nunha sesión anterior, hai obras que non estaban incluídas no proxecto CulleredoVivo pero si eran susceptibles de poder ser financiadas con cargo a ditos fondos porque podían entrar dentro das liñas de actuación que marcaban polo que agora o trámite no que se está é agardando a que o Ministerio resolva se acepta as obras propostas ou non.
En canto á dación de conta da resolución da Alcaldía pola que se pregunta di que se refire á Administración Electrónica no seu sentido máis amplo porque neste momento en Culleredo non é áxil e a Secretaría municipal decidiu asumir a responsabilidade de forma temporal no que atinxe aos medios necesarios, tanto humanos como técnicos, para poñer en funcionamento a administración electrónica e tratar de poñer en marcha un programa e un proxecto con persoal cualificado contratado temporalmente polo Concello, sendo este o primeiro paso para darlle á Secretaría municipal, que é a responsable da administración electrónica, todas as competencias necesarias para poder realizar a tramitación e actualizar algúns temas como o catastro, no que hai nova normativa.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que hoxe se pon de manifesto no pleno que o Concello está máis paralizado aínda do que se pensaba ata agora xa que vén unha orde do día na que non hai nin unha proposta de resolución; ao equipo de goberno é ao que lle corresponde a iniciativa política de levar ao pleno as cuestións que sexan de competencia plenaria; no pleno de organización estableceuse a data de celebración das sesións ordinarias e o goberno municipal ten a responsabilidade de planificar o traballo e presentar no pleno unha parte de todo o que hai pendente; van xa oito meses de mandato municipal e Culleredo está cada vez peor.
Fala do tema do que teñen falado outras veces respecto das facturas que se pagan segundo entran pola porta sen ningún tipo de contrato nas que a interventora, facendo o seu traballo, pon un reparo dicindo que iso non se debería pagar pois non se corresponde con ningún contrato e a contratación verbal está expresamente prohibida e ante as que o alcalde, sen ningún problema, levanta o reparo e continúa cara adiante, levando así décadas; botou un ollo ás resolucións e quere destacar unha delas, de 137.000 euros, relativa á limpeza viaria e limpeza



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

de edificios, na que a interventora puxo un reparo e o Sr. Alcalde, como se non pasara nada, levántao e continúa saltándose a Lei de contratación como leva facendo desde que entrou a gobernar e desde antes, cando era tenente de alcalde e responsable da área de Medio Ambiente e polo tanto deste tipo de servizos; di que hoxe sería de agardar que viñeran ao pleno para sometelos a aprobación os pregos de contratación da limpeza, tanto de edificios como viaria, xa que, polo seu importe, son de competencia plenaria, pero non veñen pese a que ducias de empregados das empresas que prestan ditos servizos cobran tarde, mal e arrastro, primeiro cun ERTE do 35% do tempo de traballo que parece que agora se vai converter nun ERTE do 100%, cunha folga que durou varias semanas e con anuncios do Sr. Alcalde dicindo nunha comisión informativa que os pregos ían estar o luns 29 de xaneiro, pero non están nin un mes despois.
A cuestión da que vén de falar é só unha delas porque parece que o tema dos pagos irregulares, centrado agora nos servizos de limpeza viaria e limpeza de edificios porque está habendo movilizacións, é único pero non é así porque hai que lembrar o servizo da agua que xestiona Gestagua sen contrato desde hai máis de 10 anos; pregunta que vai facer o goberno municipal co tema do servizo da auga e con algo tan delicado como a prestación de axuda a domicilio pola que tamén se pagan centos de miles de euros cada ano desa forma sen que se fixera nada ata agora, semellando estar cómodos nesa posición; a xente cada vez fala máis alto nas urnas e penaliza ao goberno municipal; non lle preocupa o resultado do PSOE nas urnas; o BNG ascende en proporción inversa aos resultados do PSOE pero si lles preocupa Culleredo, por diante de calquera outra cousa, e por iso fan ese balance, porque Culleredo non pode perder tres anos máis polas políticas kamikaces do Sr. Alcalde que parece que escolleu porque se decatou de que só lle quedan tres anos nese cargo.
As empresas sen contrato cobran puntualmente, como ten dito o Sr. Alcalde, pero quen non cobra puntualmente son as asociacións que están pendentes de pagos de subvencións de anos atrasados e pendentes tamén de que se convoquen as que levan anos sen convocar, véndose aí as preferencias do Sr. Alcalde que lle dá prioridade ás empresas aínda que non teñan contrato.
Pregunta que foi do pago dos 17.000 euros polo uso do espazo público que houbo que pagar de taxa pola celebración do Morriña Fest cando quen organizaba era unha empresa privada que, na súa memoria, dicía que contaba cuns 70.000 euros de beneficio; hai unha autoliquidación a nome do Concello de Culleredo; dixeron que estaba recorrida pero a día de hoxe, máis dun ano despois, non se informa de nada; o BNG non o esquece e está pendente de saber se eses 17.000 euros se sumaron definitivamente aos 32.000 euros en entradas que lle mercou o goberno municipal á organizadora para agasallar, sen ningún tipo de control público, a quen lle petou.
Seguindo facendo balance fala da Sra. Concelleira de Persoal, a reprobada Sra. Marta Figueroa.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño que, por unha cuestión de orde, lle lembra que o punto no que se está é a quenda de rogos e preguntas, sendo o Regulamento claro neste sentido; lle pregunta se quere facer un rogo ou unha pregunta; as preguntas deben ser concretas sobre un tema concreto; o BNG pode traer mocións ao Pleno para ser votadas pero, ao non ser que se cambie o Regulamento para levar o Pleno como quere o Sr. Chouciño Garrido, de momento o establecido é que as preguntas deben ser concretas; a quenda de rogos e preguntas non é para facer un balance senón para facer un rogo ou unha pregunta; lle pide ao Sr. Chouciño concreción na súa pregunta ou concreción no seu rogo pois do contrario verase na obriga de cederlle a palabra a outro compañeiro; pídelle novamente concreción e que faga as preguntas que quere e que cumpra as formas e os procedementos.

A continuación retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que despois de cada punto fixo unha pausa e considera que calquera persoa das que está na sesión puido entender perfectamente as súas preguntas ou rogos; di que non hai problema en concretar máis se é o que quere o Sr. Alcalde e fai as seguintes preguntas:

- Que pasa cos pregos de contratación que ían estar a 29 de xaneiro e cando se van traer ao pleno.
- Que pasa cos contratos irregulares, que non son soamente o de limpeza viaria e o de limpeza de edificios, senón tamén o de Gestagua, o da empresa A0 Maiores, que presta o servizo de atención a domicilio e cando van vir ao Pleno eses pregos.
- Cando van acabar de pagarlles ás asociacións o que se lles debe e cando van saír as convocatorias regulares de subvencións ás asociacións porque as empresas cobran puntualmente pero as asociacións non e teñen saldos pendentes de subvencións e de convocatorias anteriores.
- Que foi dos 17.000 euros de taxa do Morriña porque nalgún momento o goberno municipal dixo que se recorrera e considera que dous anos é tempo suficiente para que Costas responda a tal recurso. A pregunta é que pasou con dito recurso.
- A concelleira do goberno municipal, a reprobada Sra. Marta Figueroa, que conseguiu do pleno municipal a condecoración de reprobada debido aos seus múltiples chanchullos e ineficacias en materia de persoal, área na que, ao igual que en moitas outras, o centro de decisión sempre parece estar lonxe do interese colectivo, de crear unha administración eficaz e moderna, para centralo no interese en cousas expúreas, parece que segue coa mesma actitude pois se seguen a ver convocatorias ben raras; a pregunta é cando se van convocar as prazas correspondentes ás OPEs que se aprobaron no seu momento.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

- Hoxe puidose ler no xornal que no 2022 houbo dúas ordes de derribo requiridas pola APLU, pola Axenda de Protección da Legalidade Urbanística, de inmobles ilegais en zona rústica; en 2023 outra máis; a pregunta é cantas hai en tramitación, cantos requirimentos ten o Concello porque supón que haberá moitas máis; di que este é o estado urbanístico dos gobernos municipais que se fartaron de dicir "ti vai facendo" e agora esa pobre xente ten que perder o que nunca debeu investir onde non se podía; estas últimas semanas viuse de novo que o goberno municipal insiste neste modelo, desta vez en Ledoño; pregunta cantos expedientes de disciplina urbanística están en tramitación na APLU e cantos requirimentos ten o goberno municipal dese organismo.
- O goberno municipal segue sen convocar a comisión do PXOM para explicar que van facer coa planificación urbanística e se teñen pensado rescatar no posible o PXOM aprobado inicialmente no 2013 ou se van empezar a redacción dun novo como anunciou o Sr. Alcalde xa hai dous anos; Culleredo non debe estar sen plan xeral actualizado, esa é a única opción que non serve, pide que se convoque a comisión do PXOM para dicir que se vai continuar co PXOM que xa hai ou dicir definitivamente que se lle dá carpetazo manténdose na decisión anunciada hai dous anos de sacar outro adiante.
- A última gran aventura na que o goberno municipal quería meter a Culleredo era en agasallar o patrimonio municipal que son os terreos e estrutura da fábrica da Cross no Burgo a unha fundación privada e que deixara de ter un uso público para pasar a telo privado, con nocturnidade e alevosía, presumindo de poñer os funcionarios a traballar mañá, tarde e noite para sacalo adiante mentres a xente do común agarda dous anos por unha licenza para construír o seu fogar. O Sr. Alcalde fala de tempos e de que non deu tempo a ultimar expedientes para presentar propostas ao Pleno pero non houbo problemas de tempo para agasallar a unha fundación privada o maior patrimonio de Culleredo.
- Culleredo segue sen ser propietario do que se salvou da queima do Centro Loxístico de Transportes como o aparcamento de camións, o edificio de usos administrativos, o edificio de recepción de visitantes, a báscula, etc., todo iso despois de ter perdido tanto e tanto nesa ruinosa concesión administrativa, sendo a última perda a que, por causa do preito que lle puxo a concesionaria ao Concello, este pasou a ter que pagarlle un millón e medio de euros cando a liquidación xirada indicaba que a concesionaria lle debía ao Concello un millón e medio e euros; a diferencia son tres millóns de euros netos. A pregunta é que pasa para que a día de hoxe non se dispoña desas propiedades e se poida explotar, ben directa ou indirectamente, o aparcamento de camións, do que calculan que rende



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

nestes momentos preto de 300.000 euros a unha empresa privada; o cartaz que hai á entrada do Centro Loxístico di que se se quere aparcar o camión se pregunte na gasolineira; pregunta cando dito cartaz vai poñer aparcadoiro público propiedade municipal e devengará taxas para as arcas municipais; di que pasa o mesmo cos edificios, tanto o de recepción de visitantes como o de usos administrativos e pregunta cantas cousas e cantos servizos públicos non se poderían facer neses inmobles.

- Que se sabe da Garrocha, se se cobrou algo do millón trescentos mil euros que lle debe ao Concello o exconcesionario, ese exconcesionario que dispoñía daquilo como se fora o seu cortello e que debería pagar 24.000 euros de canon ao ano que o goberno municipal non lle cobraba. Pregunta se, unha vez feita a liquidación e notificada, se se cobrou algo e indica que isto é algo que non debera ser de interese só do Bloque porque se ao goberno municipal non lle preocupa sería sospeitoso dalgún tipo de malignidade.
- O goberno municipal ten a Fonte da Balsa facendo parodia coa caseta de obra outra vez, ao igual que fixeron antes das eleccións, tanto nas do ano 2019 como nas deste ano 2024; pregunta cando se van iniciar esas obras; aprobouse unha iniciativa do BNG para tramitar un ARI, unha área de rehabilitación integral nese barrio, pero non lles consta que o goberno municipal fixera nada, ningún dos simples trámites que hai que remitir ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para que avancen os seguintes pasos; parece que o goberno municipal lle dixo aos funcionarios que esas cousas pasaran ao final porque había que darlle prioridade e poñer enriba do lote o expediente de agasallar a Cross a unha fundación privada. A pregunta neste caso é que trámites fixo o goberno municipal co acordo aprobado por unanimidade para realizar un ARI na Fonte da Balsa no que ía detallado punto por punto o que había que facer e que está na páxina web para tramitalo dunha forma simple.
- A veciñanza de Culleredo ten que acudir á xustiza cando ten molestias de locais de hostalaría porque o goberno do Sr. Rioboo non pon orde e non aplica as ordenanzas; aínda con sentenzas gañadas polos veciños, que teñen que gastar os seus cartos en emprender accións xudiciais, o Sr. Alcalde segue sen facer cumprir as súas propias ordenanzas. A pregunta é cal é o motivo de que o Sr. Alcalde non toque a determinados locais.
- O Concello ten na Conta Xeral do 2022 unha conta de pagos pendentes de 300.000 euros e ao último pleno do 2023 o goberno municipal levou 800.000 euros porque debían cartos que xa gastaran sen crédito, todo por unha tramitación truculenta na que primeiro aceptaron a emenda do BNG para poñer orde na forma de gastar os cartos e despois cambian de idea e non a aceptan porque queren seguir gastando os cartos como lles peta;

parece que no 2024 queren seguir sumando e séguese a 27 de febreiro sen que o goberno municipal presente un borrador de orzamento para presentar aos grupos políticos e poder achegar posturas para consensuar un orzamento no que todos se poidan sentir representados. A pregunta é cando vai levar ao pleno o goberno municipal un borrador de orzamento para o 2024, que debería estar xa aprobado o 1 de xaneiro e dous meses despois non se presentou nin sequera un borrador.

- O BNG fixo unha proposta contundente ao principio do mandato municipal que foi que o goberno municipal non cobrara salarios ata amosar que cambiaban o rumbo que tiñan no mandato anterior pero, lamentablemente, o resto dos grupos da oposición non compartiu a proposta do BNG e cada día que pasa demóstrase máis que tiñan razón e que esa era a única forma de que o goberno municipal entrara en razón.
- Todo o que vén de relatar e moito máis que se podería referir teñen un máximo responsable que é o Sr. Rioboo, que ten presumido no pasado mandato de ser quen de atender á Deputación, ao Concello de Culleredo e a moitas cousas máis; a xente díxolle nas últimas eleccións municipais que non acreditaban iso e retiráronlle a maioría absoluta que lle dera no 2019; neste novo mandato 2023-2027 o Sr. Alcalde riza o rizo e presta o servizo en exclusiva, cobrando así por iso, nunha área de goberno da Deputación, e o Concello non deixa de empeorar, empeorando porque o goberno municipal non ten ningunha gaña de que avance por causa de que non hai ninguén ao fronte, non hai alcalde e, cando se pregunta por el, seica está na Deputación; sobre iso xiran as convocatorias dos órganos municipais e todo se pon en función de que o alcalde non está pero, así e todo, parece que a Culleredo tampouco lle serve de moito que o alcalde estea en dedicación exclusiva na Deputación porque hai que lembrar que o Partido do Sr. Rioboo leva a área de obras na Deputación e hai dúas obras en Culleredo, as estradas de Liñares e a da Garrocha a Orro que levan dous anos abertas en canal e non se dan rematado ata tal punto de que no Entroido, a esas vías, se as apodou como as estradas da Viagra porque seica sempre están levantadas, lle di ao Sr. Alcalde que se non pode con isto que o deixe e que se faga a un lado, que deixe as responsabilidades da Alcaldía que non quere atender ou que non sabe atender ou as dúas cousas.

Repítelle unha vez máis que Culleredo non pode perder máis de tres anos máis polas políticas kamikaces que parece que escolleu o Sr. Rioboo ao decatarse de que só lle quedan no cargo 3 anos. O rogo é que o Sr. Alcalde se faga a un lado e que deixe que corra o aire para que se poida organizar o Concello doutra forma.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que lle traia unha proposta convincente para facerse a un lado e traia un

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

proxecto serio, garantista, con prazos e cunha relación de postos de traballo que posibilite facer todo o que vén de referir coa axilidade requirida porque el o que quere é o mellor para o Concello; el xa comentou moitas veces que a cidadanía de Culleredo lle quitou a maioría absoluta e apunta que hai moitas opcións para poder gobernar o Concello; recorda que el sempre tendeu unha man ao BNG para poder establecer un acordo de goberno co Partido Socialista de Culleredo e se o Sr. Chouciño considera que pode axilizar a resolución dos problemas do Concello e non acepta ese ofrecemento puidera ser porque o que lle apetece sexa estar na oposición dicindo todos os meses as mesmas cousas.
Di que moitas das preguntas do Sr. Chouciño xa foron obxecto de debate nalgunha sesión plenaria do Concello polo que considera que xa están debatidas e as posturas claras.
Sobre o que vén de relatar o Sr. Chouciño, o goberno municipal fará un resumo de cada unha das preguntas e llas responderá por escrito.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández González quen, unha vez concedido, di que na sesión ordinaria do mes de xaneiro se lle fixo unha pregunta ao concelleiro de Festas en relación ao custo que lle supón á veciñanza de Culleredo a celebración do Entroido pequeno e en especial a contratación da orquestra París de Noia e o dispositivo de limpeza e todos os medios de urxencia, sen que ata agora tiveran resposta. Roga se lles dea esa información o antes posible.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. Alcalde e di que lle pasarán esa información por escrito. A orquestra cobrou o caché que está establecido e, respecto do servizo de limpeza, lle pasarán as ofertas que se solicitaron e as que se aceptaron.

A Sra. Fernández González di que se paga o caché da orquestra que escolleu o goberno municipal e indica que non hai por que contratar a París de Noia e que se podería contratar a Nueva Fuerza.

O Sr. Alcalde indica que se se quere traer a Joaquín Sabina non se pode traer a Nueva Fuerza.

A Sra. Fernández González di que o que ela quere é que o Concello gaste os cargos no que se teñen que gastar.

Responde o Sr. Alcalde á Sra. Fernández González dicíndolle que lle di o mesmo que lle dixo ao Sr. Chouciño Garrido, que teñen a posibilidade de gobernar o Concello de Culleredo, que se poñan de acordo e que o fagan.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Golpe Faraldo quen, unha vez concedido, di que quere facer un rogo moi concreto, trasladar a petición dos veciños de Río da Cova pois xa hai



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

bastantes anos que se cambiou o saneamento e os condutos do anterior están tirados no cauce do Rego de Castro, xusto na zona na que comeza o trazado urbano do Río Rego de Castro, no que hai un pozo de saneamento no medio do río que queda feísimo xusto onde comeza o paseo fluvial pola parte de atrás da Sagrada Familia, unha zona moi bonita do Concello que contrasta demasiado co desastre que vén de comentar. O rogo é que se retire a canalización tirada no río.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu Grupo queren tamén facer unha valoración do pleno do mes de febreiro que se está a celebrar, vacío de contido.
Di que Culleredo non ten orzamentos, non ten pregos de contratación de servizos básicos, non hai nin un so avance do Plan Xeral, non hai unha RPT actualizada, non hai nin solucións nin avances na contratación de persoal, non se sacan as obras a licitación, non hai axilidade na concesión de licenzas, non se ve que se tomaran medidas respecto das propostas que trouxeron ao pleno os distintos grupos da oposición. Ante o estado de prórroga permanente na que se atopa Culleredo e sabendo que o Sr. Rioboo Castro ten unha dedicación exclusiva na Deputación, pregunta cal é o tempo que lle dedica aos veciños de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

(grabación cortada)

A Sra. García Gorostizu di que se lle dedica 24 horas entón a capacidade de resolver problemas do Sr. Alcalde é nula.

(grabación cortada)

O Sr. Alcalde di que non comparte o criterio da Sra. García Gorostizu pero que son libres de dicir o que queiran e de opinar.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e pregunta, en relación con Fonte da Balsa, se xa se compraron os terreos e cando vai empezar a obra.

Responde o Sr. Alcalde e di que a obra está adxudicada; que hai un problema co retranqueo duns postes cre que de Telefónica pero que nesta semana quedarán escrituradas as parcelas; o procedemento se atopaba en fase de análise por parte da Notaría de Culleredo que pasou xa toda a documentación e en breve poñerá cita para proceder á compra.

A Sra. García Gorostizu pregunta pola Praza de Galicia e as peatonais do Burgo pois de novo hai unha obra na que se inviste ao redor dun millón e medio de euros pero os veciños seguen sen estar contentos pois comentan que seguen as filtracións e queren saber que vai pasar co aparcamento xa que os veciños necesitan aparcar os coches, o comercio necesita que os coches poidan aparcar



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

para que a xente baixe a comprar, e os veciños necesitan tamén que os coches estean ben aparcados para poder entrar ben nas súas vivendas e nos comercios. O Partido Popular presentou unha moción no mes de marzo do 2021, pedindo unha solución aos problemas de aparcamento na zona urbana de Culleredo e pregunta que solucións ten pensado o goberno municipal para o problema grave que teñen os veciños da zona urbana de Culleredo.

Responde o Sr. Alcalde e di que, respecto das peatonais do Burgo, estas sofren as consecuencias das obras da praza de Galicia como pasa con calquera obra e que, unha vez finalicen as obras desa praza, haberá que facer unha regularización das rúas Hersa e Sanjurjo de Carricarte; hai estudios ao respecto da ubicación dun aparcamento en Costa da Lonxa falándose xa coa Deputación porque se vai facer un aparcamento en batería na subida da Costa da Lonxa e se vai utilizar un dos espazos verdes para facer un aparcamento provisional tamén en Costa da Lonxa cunha capacidade aproximada de 80 vehículos.
Di que hai unha parcela contigua á igrexa do Burgo sobre a que se están a preparar os informes xurídicos pertinentes para poder dotala de accesibilidade de forma que non prexudique ao entorno da igrexa e facer unha entrada de vehículos e unha entrada peonil ben diferenciadas cunha capacidade aproximada para 150 vehículos.
Estase a tramitar tamén unha parcela preto da Casa da Xuventude, onde está Correos, pensando en falar cos seus propietarios porque está contigua á vía do tren e hai que apuntalala e asegurala; xa os técnicos municipais de Urbanismo e de Medio Ambiente a estiveron vendo porque ten unha capacidade aproximada para 50 vehículos.
Di que cando hai obras hai que sufrir as consecuencias das mesmas pero despois tamén se poden disfrutar; é consciente do problema de aparcamento no Burgo pero considera que coas actuacións que vén de referir mellorará; pensa que algunha puidera estar finalizada ao rematar o verán, probablemente a de Costa da Lonxa; hai unha consignación presupostaria e unha vez se incorporen os remanentes cando estea feita a liquidación do orzamento se poderá licitar; cre que ascende a 400.000 euros o importe da partida orzamentaria destinada a estes aparcamentos. Repite que Costa da Lonxa en torno a 90 prazas de aparcamento, entorno da igrexa do Burgo sobre 150 prazas de aparcamento e fronte a Correos sobre 40 prazas de aparcamento son as novas prazas que se van dotar no Burgo.

A Sra. García Gorostizu pregunta por Vilaboa e Fonteculler.

O Sr. Alcalde di que a Sra. García Gorostizu lle preguntou polo Burgo.

Indica a Sra. García Gorostizu que ela preguntou pola zona urbana.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. Alcalde e di que en Vilaboa, na rúa Xafonte, falaron cos propietarios das parcelas e con Autopistas porque había unha discrepancia sobre a titularidade respecto de se era municipal ou de Autopistas na marxe dereita indo cara a Castro; xa hai meses que se lle presentou a Autopistas e a Goberno de España esa solicitude para poder construír aí tamén un aparcamento na rúa Xafonte ademais dos aparcamentos provisionais que queren facer na rúa Domingo Sierra nunha zona que xa é de disposición pública. Os técnicos informan que na rúa Condes de Andrade, na súa parte máis próxima a Domingo Sierra, non é unha rúa saturada de coches e que nela aínda hai prazas de aparcamento libres.
A urxencia máis clara neste momento, polas obras que hai na zona, está no Burgo, ao redor da praza de Galicia, pero considera que nuns meses comezará a quedar subsanado o problema. Se están a realizar estudos previos tamén para a zona de Costa da Lonxa, onde se concentran locais de hostelería, poder reubicar o parque infantil para poder gañar en torno a 30 prazas de aparcamento.
Isto do que vén de falar di que é sen descartar proxectos que xa había como o de rúa Ferrocarril na que hai unha zona dotacional susceptible de ubicar alí un aparcamento subterráneo e edificios públicos; os técnicos informan que, para poder conveniar, como se fai noutros concellos, a iniciativa pública e privada, tería que poder xerarse un aparcamento con 250-300 prazas porque a veciñanza require tamén prazas de aparcamento que poidan ser adquiridas en réxime de titularidade ou de concesión.

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. García Gorostizu pregunta se está previsto facer algo en Fonteculler co problema de aparcamento.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que nas Brañas hai unha parcela que foi utilizada durante unhas obras e lle teñen solicitado ao propietario que ceda a parcela porque alí collen en torno a 60-70 vehículos e aliviaría bastante o problema. Estase intentando tamén que nestes meses, cun proxecto de sinalización a nivel municipal, no centro de saúde do Portádego, facer un sistema de rotación para que, en torno ao 40% das prazas, sexan de movemento continuo pois agora hai vehículos que quedan aparcados toda a semana.
Os técnicos suxiren sistemas de mobilidade dos vehículos, ben a través de tarxetas de residentes, para os vehículos censados no municipio, e para os non residentes establecer unha rotación mínima de 12-24 horas naqueles espazos que non están delimitados a 45 ou a hora e media como están nalgunhas zonas.
Respecto das pingueiras na praza de Galicia di que é unha cuestión da que hai estudios, controlada polos técnicos municipais, e unha vez que rematen as obras da praza que aínda non remataron pois agora están abrindo a rúa Alexandre Bóveda, que ten un apantallamento con muros que se está a levantar por se houbera algunha filtración provocada pola rotura dalgunha tubería, unha mala canalización ou unha filtración de pluviais, e descartar que nese perímetro da



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

praza, que é o único que quedaba por abrir, houbera algún motivo de filtración; non hai un código construtivo actualizado da praza porque data dos anos 80 aproximadamente e antes facíanse muros apantallados sen ningún tipo de control de humidades; unha vez remate o levantamento do perímetro pola rúa Domingo Sierra se estará en disposición de garantir que as filtracións non proceden da praza; lembra que esa zona era unha zona de manantiais, unha zona pantanosa, e non se descarta que haxa algún motivo externo á propia tapa da praza.

A Sra. García Gorostizu di que no mes de xaneiro preguntou polo listado das obras asignadas aos Fondos Edusi e aínda non o recibiu.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que el tamén pediu ese listado; é un tema que leva a asistencia técnica EOSA; trasladouse todo ao Ministerio e unha vez que se teña a reunión coa empresa e informen do que foi admitido polo Ministerio darase traslado.

A Sra. García Gorostizu di que van comenzar unhas obras no centro social de Orro que tiñan consignada unha partida con cargo a ditos fondos Edusi e pregunta en que consiste a obra, con que fondos se vai facer.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que é unha reforma porque ese centro social ten unha servidume da A-6 e non se pode ampliar polo que o que se fai é unha reforma integral e unha reordenación de espazos no seu interior.

A Sra. García Gorostizu pregunta con que presuposto se vai facer.

Responde o Sr. Alcalde que en principio licitouse con cargo aos fondos Edusi e que ten que validar isto; hai tamén unha achega municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e dous minutos (20:52 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu, como Secretario municipal, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es